

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCAN BOLSAS DE INICIO NA INVESTIGACIÓN NO CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO ECOBAS PARA O CURSO 2024/2025

O Centro de Investigación Interuniversitario *Economics and Business Administration for Society* (ECOBAS) é un centro de investigación no ámbito da economía que desenvolve a súa actividade especificamente no eido da sustentabilidade económica, social e ambiental para tratar de dar resposta aos desafíos actuais a través da investigación, a transferencia de coñecemento, a innovación e a docencia, captando e potenciando ao talento investigador con capacidade de liderado científico.

Entre os obxectivos de ECOBAS está captar e potenciar o talento investigador, asegurando o relevo e o crecemento sustentable do propio centro, e apoiar á nova xeración de investigadores e investigadoras líderes de ECOBAS. Esta convocatoria de bolsas é unha oportunidade para promover a incorporación de persoal interesado en iniciarse na carreira investigadora a través dunha experiencia formativa extracurricular, contribuíndo ao impulso da proxección e prestixio científico de ECOBAS como centro de investigación.

Segundo se recolle no Convenio de Colaboración entre a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo polo que se crea o Centro de Investigación Interuniversitario *Economics and Business Administration for Society* (ECOBAS), este Centro conta coa participación das tres universidades galegas: a Universidade de Vigo (á que se encontra formalmente adscrito), a Universidade de Santiago de Compostela, e a Universidade de A Coruña. Así mesmo, na *Cláusula 1.3. Obxecto, Fins e Sede* do devandito Convenio, recóllese que as actividades de ECOBAS poderán desenvolverse nos centros e espazos universitarios nos que estean situados os distintos grupos de investigación aos que pertencen os investigadores/as vinculados ao mesmo.

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo no marco do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de Accións Prioritarias de I+D+i 2023-2024, con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia, no marco do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 (aplicación orzamentaria 10.03.561B.744.0), inclúe no apartado de Novas estruturas de Investigación, Apoio a transformación das agrupacións estratéxicas como accións financiadas relacionadas con ECOBAS.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas de inicio na investigación para o estudantado das tres universidades galegas que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.

2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e na páxina web de ECOBAS.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación,

María Belén Rubio Armesto

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE INICIO NA INVESTIGACIÓN NO CENTRO DE INVESTIGACIÓN ECOBAS

1. OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto promover a incorporación de estudiantado interesado en iniciarse na carreira investigadora, facilitando a súa formación teórica e práctica, así como a adquisición de novas capacidades e destrezas que permitan o desenvolvemento da competencia investigadora no ámbito de traballo da **Axenda Científica** de ECOBAS.

Convócanse un máximo de 6 bolsas de iniciación á investigación en economía.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar bolsa o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado no curso 2024/2025 ou ben na totalidade dos créditos do Mestrado Interuniversitario en Economía da Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo; ou ben matriculado a tempo completo no último curso de grao de Economía ou Administración de Empresas na Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo.
- b) Ter un expediente académico superior a 7/10 puntos.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que concorran algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas establecidas nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta bolsa irán con cargo á aplicación orzamentaria 2025 ECO1 131H 482.02 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 6.750 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual máxima da bolsa será 1.125€. Esta contía está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

3. O pagamento da bolsa efectuarase, no prazo máximo dun mes dende a data de concesión mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso2/13651,

descargalo e presentalo na sede electrónica da Universidade de Vigo a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/1150909;jsessionid=980FEA039C1A8EBDA3CBC386A14251E5>), e pór como **asunto** “*bolsa inicio investigación ECOBAS 2024*”, achegando unicamente o formulario coa solicitude, e dirixilo á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_registro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf.

No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, se lle requirirá para que a presente de xeito electrónico. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizou a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e finaliza o **28 de outubro de 2024** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

1. Certificación académica e xustificante de matrícula do curso 2024/25 do estudantado matriculado na USC e na UDC
2. Acreditación do nivel de inglés
3. Acreditación de formación en linguaxe de programación e de cálculos estatísticos (R, Phyton, Stata)
4. Acreditación de formación adicional no eido da economía e a empresa

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/23195339>) dirixido á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

1. Nota media do expediente académico: ata un máximo de **50 puntos**.
2. Nivel de inglés ata un máximo de **30 puntos**:
 - a. Nivel B1: 10 puntos
 - b. Nivel B2: 20 puntos
 - c. Nivel C1: 25 puntos
 - d. Nivel C2: 30 puntos

3. Formación complementaria en linguaxe de programación e de cálculos estatísticos (R, Python, Stata) ata un máximo de **10 puntos**:
 - a. Nivel iniciación: ata un máximo de 3 puntos
 - b. Nivel intermedio: ata un máximo de 6 puntos
 - c. Nivel avanzado: ata un máximo de 10 puntos
4. Outros méritos: formación adicional no eido da economía e a empresa (cursos de verán, créditos adicionais, etc.) ata un máximo de **10 puntos**.

A comisión de avaliación está composta por:

- Presidenta: María Loureiro García (Catedrática de Universidade e Directora Científica de ECOBAS)
- Secretaria: Emma María Iglesias Vázquez (Catedrática de Universidade e Secretaria Científica de ECOBAS)
- Vogais: Xavier Labandeira Villot (Catedrático de Universidade e Director de ECOBAS)

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee mediante Resolución Reitoral. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación publicará a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de cinco días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/23195339>) dirixido á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e na páxina web de [ECOBAS](https://www.ecobas.gal/), cos efectos de notificación previstos

no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse no enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/23212258>) dirixido á Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renunciadas aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.

9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- Destinar a bolsa á finalidade para a que foi concedida, para tal fin deberá colaborar na investigación e actividade científica proposta por ECOBAS ao longo de 45 días a partir do 15 de xaneiro de 2025.
- Achegar a ecobas@ecobas.gal no prazo máximo de 10 días naturais seguintes á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa.
- Seguir as normas de filiación a ECOBAS e identidade corporativa en todas as súas comunicacións e publicacións derivadas da súa produción científica.

Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

10. REINTEGRO DAS BOLSAS E PERDA DO DEREITO AO COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito ao cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

11. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das bolsas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

12. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en
[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion_datos_para_CONVOCATORIAS_bolsas.pdf)